



Teaching Guide				
Identifying Data				2022/23
Subject (*)	Fine Motor Games	Code	652G02025	
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Third	Optional	4.5
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinador	Varela Garrote, Lara	E-mail	lara.varela@udc.es	
Lecturers	Varela Garrote, Lara	E-mail	lara.varela@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/?pagina=table&id_titulacion=20&grupo=A			
General description	<p>Dentro do perfil formativo do Grao en Educación Primaria contéplase esta materia (Xogos Motores) que completa a formación do futuro docente cara a un traballo no ámbito do xogo que permita dar resposta ás demandas sociais existentes.</p> <p>Consideramos esta materia de gran interese dentro da formación da futura Graduada e Graduado en Educación Primaria xa que a achega principal da mesma permitiralle descubrir, por unha banda, que o xogo é un contido con grandes potencialidades didácticas e, por outro, supón un medio didáctico de gran relevancia na súa formación, que lle permitirá empregalo no futuro para o traballo do resto de bloques de contidos.</p> <p>Os coñecementos achegados por Xogos Motores pretenden estudar, explorar, descubrir e vivenciar todas aquelas manifestacións lúdicas dentro dunha formulación global, para dotar ao futuro Graduado e Graduada en Educación Primaria non só de vivencias senón tamén de estratexias e formas de ensinar teórico-prácticas.</p> <p>Xogos Motores atópase dentro do plan de estudos de Grao en Educación Primaria no grupo de materias optativas, cunha duración de 4,5 créditos. A descrición do seu contido, reflectido no Plan de Estudos, indica os seguintes descritores: marco conceptual do xogo; fundamentos teóricos do xogo motor; a evolución do xogo na etapa de Educación Primaria; o xogo como contido e como recurso metodolóxico; deseño de propostas de aprendizaxe a través do xogo motor; materiais didácticos para o xogo e propostas prácticas para a educación a través do xogo.</p>			

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A57	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física.
A58	Coñecer o currículo escolar da educación física.
A59	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola.
A60	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.



B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Situar o papel do xogo motor, a súa importancia e repercusións no contexto da Educación Primaria.	A1 A7 A58 A59 A60	B15	C8
Saber empregar o xogo de forma global como medio para traballar todas as áreas do currículo e como contido de ensino - aprendizaxe en si mesmo.	A1 A7 A58 A59 A60	B1 B2 B3 B5 B6 B14 B15 B21 B22 B24	C1 C7
Experimentar intervencións prácticas a través do xogo motor aplicadas á Educación Primaria analizándoas criticamente.	A1 A7 A57 A58 A59 A60	B1 B3 B6	C1



Valorar críticamente a presenza do xogo na Educación Primaria, así como as súas repercusións no desenvolvemento integral da infancia.	A1 A7 A57 A58 A59	B1 B3 B6 B23 B24 B25	C1 C7
Capacidade para realizar unha análise estrutural e funcional crítico no deseño e realización do xogo motor.	A1 A7 A57 A58 A59 A60	B1 B2 B3 B5 B21 B22 B23 B24	C1
Capacidade para ofrecer ao alumnado de Educación Primaria recursos lúdico-motores para que os poidan empregar nas súas actividades de lecer.	A1 A7 A57 A58 A59 A60	B1 B2 B3 B5 B15 B16 B21	C7 C8
Ser capaz de analizar o xogo da infancia e obter información de utilidade para futuras intervencións didácticas.	A1 A7 A57 A58 A59 A60	B2 B3 B15 B16	C6 C7
Capacidade para deseñar, xustificar, aplicar e avaliar propostas de intervención para traballar a través do xogo motor na Educación Primaria.	A1 A7 A57 A58 A59 A60	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 B14 B15 B16 B21 B22 B24	C1 C3 C7 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
BLOQUE 1: FUNDAMENTOS TEÓRICOS DO XOGO	Este bloque está formado por temas que abordan a parte teórica da materia.
Tema 1. Marco conceptual do xogo motor.	- Concepto de xogo. - Características e funcións do xogo.
Tema 2. Fundamentos teóricos do xogo.	- Fundamentación, xustificación e análise da presenza do xogo na infancia.
Tema 3. O xogo infantil e a evolución das súas formas.	- A evolución do xogo na infancia e a súa relación coa motricidade.



Tema 4. O xogo motor e o currículo da área de Educación Física.	<ul style="list-style-type: none"> - Análise do currículo de educación física da Educación Primaria e a súa relación co emprego do xogo. - O emprego do xogo motor para o desenvolvemento dos bloques de contidos na Educación Primaria.
Tema 5. O xogo motor e a súa didáctica.	<ul style="list-style-type: none"> - Didáctica e metodoloxía do xogo. - Perfil do docente no xogo. - O xogo e a programación. - A sesión de xogos.
BLOQUE 2: PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS A TRAVÉS DO XOGO	<p>Neste bloque abordaránse as diferentes temáticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - en sesións teórico- prácticas dirixidas pola docente; - en prácticas dirixidas polo alumnado as súas compañeiras-compañeiros e observadas polos docentes.
Tema 6. Propostas prácticas de intervención a través do xogo motor	<p>Abordaranse diversas propostas de carácter práctico. Sirvan de exemplo o emprego de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dinámicas de presentación a través do xogo. - Propostas lúdicas para a desinhibición. - Xogos para o desenvolvemento da creatividade. - Propostas lúdicas para o traballo sensorial. - Xogos baseados en estratexias cooperativas. - Educación da competición a través do xogo. - Xogos de expresión corporal. - Xogos de iniciación aos deportes. - Xogos con material alternativo. - Xogo dramático, entre outras propostas que poden ir variando.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Supervised projects	A1 A7 A57 A58 A59 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B14 B15 B16 B21 B22 B23 B24 C1 C3 C8	2	16	18
Guest lecture / keynote speech	A1 A7 A57 A58 A59 B6 B25 C6 C7 C8	8	12	20
Collaborative learning	A1 A7 A58 A59 B1 B2 B3 B5 B6 B11 B14 B15 B16 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C3 C6	4	10	14
Simulation	A1 A7 A58 A59 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C1	1.5	3	4.5
Introductory activities	B1 B2 B6 B9 B15 B21 C1 C6 C7 C8	1	2	3
Short answer questions	A1 A7 A58 A59 B1 B2 B3 B4 B15 B16 C7 C8	2	4	6



Oral presentation	A1 A7 B1 B3 B5 C1 C3 C7	2.5	5	7.5
Physical exercise	A1 A7 A57 A58 A59 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 B14 B22 B24 C1 C7	11	27.5	38.5
Personalized attention		1	0	1
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Supervised projects	Realizarase un traballo teórico - práctico. Consiste no deseño e posta en práctica dunha sesión de xogos motores cunha temática asignada pola profesora, para aplicar a un curso concreto de Educación Primaria.
Guest lecture / keynote speech	Os temas correspondentes ao bloque 1 da materia serán expostos na aula a través de diferentes medios: explicación oral, apoio con presentacións informáticas, visualización de materiais didácticos en soporte dixital.
Collaborative learning	Desenvolveráanse un ou varios traballos en pequeno ou gran grupo guiados polas docentes en varias sesións coa finalidade de potenciar o traballo autónomo do alumnado. Este traballo poderá involucrar a outras materias da mención en Educación Física.
Simulation	Consiste na representación a través do xogo dramático de situacións procedentes da realidade. O alumnado porase baixo condicións hipotéticas a partir dun tema ou situación problema elixido por eles de antemán, ante o cal se pon a proba a súa expresión corporal, capacidade comunicativa, de resolución de problemas e creatividade.
Introductory activities	Ao comezar o curso levan a cabo actividades iniciais tanto na teoría como na práctica para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado para o logro dos obxectivos a alcanzar. Así poderemos coñecer información de interese (punto de partida) para articular mellor a docencia e optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
Short answer questions	Ao longo do curso iranse presentando aos alumnos diversas probas ou traballos breves para comprobar o seguimento dos contidos da materia, xa sexa na aula, a través de moodle ou doutras aplicacións online. Algunhas das probas realizaranse individualmente e outras en pequenos grupos.
Oral presentation	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Physical exercise	A través desta metodoloxía realizaranse prácticas en diversas instalacións a través dos contidos da materia e aplicados aos diferentes cursos da Educación Primaria.

Personalized attention	
Methodologies	Description



Supervised projects	Traballos tutelados:
Collaborative learning	- dedicarse un tempo para todo o grupo no que se explicará en que consiste o traballo;
Short answer questions	- previo á posta en práctica reunirse cada grupo co profesorado. Así se establecerá a validez do deseño e contidos de traballo para a súa posta en practica, establecéndose as correccións oportunas para realizar á exposición.
	<p>Probas de resposta breve:</p> <p>Atenderánse todas as dúbidas para aquelas probas individuais ou grupais que se fagan na materia.</p> <p>Aprendizaje colaborativo:</p> <p>- durante a realización destes traballos o profesorado atenderánse a todas as dúbidas que poidan xurdir a través das canles habilitadas para este efecto, potenciando na medida do posible, o traballo autónomo do alumnado.</p> <p>A atención personalizada realizarase a través das seguintes canles, en función das posibilidades e necesidades de cada momento: tutorías en persoa no despacho do profesorado, tutorías en directo a través da área de traballo ?Teams? da UDC, mediante videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través dos chats e foros dispoñibles en Teams e Moodle</p> <p>Nesta materia non se admite dispensa académica de exención de asistencia salvo no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC" - Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017-. Para aquelas actividades que non poida realizar por non asistir a clase, deberá acudir ás revisións das mesmas co profesorado para poder desenvolverlas.</p>

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Supervised projects	A1 A7 A57 A58 A59 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B14 B15 B16 B21 B22 B23 B24 C1 C3 C8	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. As profesoras especificarán os requisitos formais de presentación dos traballos, tanto a súa parte escrita como a oral. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.	40
Collaborative learning	A1 A7 A58 A59 B1 B2 B3 B5 B6 B11 B14 B15 B16 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C3 C6	Desenvolveránse un ou varios traballos en pequeno ou gran grupo guiados polas docentes en varias sesións coa finalidade de potenciar o traballo autónomo do alumnado. Este traballo poderá involucrar a outras materias da mención en Educación Física.	30
Short answer questions	A1 A7 A58 A59 B1 B2 B3 B4 B15 B16 C7 C8	Ao longo do curso iranse presentando aos alumnos diversas probas ou traballos breves para comprobar o seguimento dos contidos da materia, xa sexa na aula, a través de moodle ou doutras aplicacións online. Algunhas das probas realizaranse individualmente e outras en pequenos grupos.	30
Others			

Assessment comments



Primeira oportunidade: para acceder á avaliación descrita anteriormente, a asistencia ao 80% das clases da materia será obrigatoria. Non só será suficiente a asistencia, senón que tamén se computará a participación activa do alumnado. É necesario superar unha puntuación mínima nos distintos apartados da avaliación para que medien entre eles.

Segunda oportunidade: o estudiantado que asistiu a máis do 80% das sesións na primeira oportunidade, manterán as notas que acadaron a puntuación mínima indicada polo profesorado. Deberase repetir as partes da avaliación que non alcanzaron ese mínimo.

En ambas oportunidades a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

O estudiantado que non asiste ao 80% das clases na primeira oportunidade, ten á súa disposición un modelo alternativo de avaliación, que será o mesmo para ambas as oportunidades: proba mixta (100%), realizada na data marcada oficialmente pola Universidade da Coruña e na que se debe demostrar o dominio dos contidos teórico-prácticos da materia. Para facer media entre os contidos teóricos e prácticos haberá que aprobar cada parte.

Neste asunto, non se admite a exención académica da exención de asistencia.

NOTA: As metodoloxías de ?actividade física?, ?actividades iniciais? e ?simulación? están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes, se as condicións non cumpren e a seguridade non é adecuada, estas metodoloxías poden ser substituídas por clases ou incluso sesións virtuais (o desenvolvemento de habilidades relacionadas con estas metodoloxías incorporaráse ás metodoloxías "Aprendizaxe colaborativa", "Sesión maxistral", "Exposición oral", "Traballo supervisado" e " Probas de resposta curtas ").

Sources of information



Basic

-Ballesteros, M. (2009). Los juegos populares en infantil y primaria: análisis y aplicación práctica. Almería: Procompal.-Bantulá, J. (2001). Juegos motrices cooperativos.-Bernal, J.A. y Brito, L.F., (2005). 1,2,3? por todos mis compañeros. Algunos juegos de ayer y hoy entre México y España. Wanceulen: Sevilla.-Berruezo, P. P. (2009). Jugar por jugar. El juego en el desarrollo psicomotor y en aprendizaje infantil. Sevilla: Mad.-Caillois, R. (1958). Teoría de los juegos. Barcelona: Seix Barral.-Cañas, J. (1994). Didáctica de la expresión dramática. Octaedro: Barcelona.-Carreño Gallego, C; Blandino Rosano, D. y Marchante Clavijo, J. M. (2003a). Batería Didáctica del juego: volumen I. Almería Procompal.-Carreño Gallego, C; Blandino Rosano, D. y Marchante Clavijo, J.M. (2003b). Batería Didáctica del juego: volumen II. Almería Procompal.-Conde, J. L. (1994). Los cuentos motores. Barcelona: Paidotribo.-Conde, J. L. y Viciiana, V. (1997). Fundamentos para el desarrollo de la motricidad en edades tempranas. Málaga: Aljibe.-Conde, J. L; Martin, C. y Viciiana, V. (1997). Las canciones motrices. Barcelona: Inde.-Eines, J y Mantovani, A. (1997). Didáctica de la dramatización. Barcelona: Gedisa.-Escriba, A. (1998). Los juegos sensoriales y psicomotores en Educación Física. Madrid: Gymnos.-Gambero, J. (2011). El juego globalizado. Barcelona: Paidotribo.-García Fernández, P. (2005). Fundamentos teóricos del juego. Sevilla:Wanceulen.-Fraguela, R; Palacios, J. y Varela, L. (1996). Xogos cooperativos e actividades infantís: educar na cooperación no ámbito escolar. Santiago: Lea.-Fraguela, R; Palacios, J. y Varela, L. (1996). Xogos competitivos: educar na competición no ámbito da educación física. Santiago: Lea.-Freire, H (2011). Educar en verde: ideas para educar a niños y niñas en la naturaleza. Barcelona: Graó.-Freire, H. (2020). Patios vivos para naturalizar la escuela. Barcelona: Octaedro.-Gil Madrona, P. (2004). Evaluación de la Educación Física en Educación Infantil. Sevilla: Wanceulen.-Gil Madrona, P. y Navarro Adelantado, V. (2005). El juego motor en Educación Infantil. Sevilla: Wanceulen.-Graça, A. y Oliveira, J.(1997). La enseñanza de los juegos deportivos. Barcelona: Paidotribo.-Gray, P. (2016). Libres para aprender. Barcelona: Paidós.-Gray, P. (2018). Aprender en libertad. Edición de Esto no es una escuela.-Gutiérrez, M. (2010). Juegos ecológicos con material alternativo?recursos domésticos y del entorno escolar. Barcelona: Inde.-Hueso, K (2017). Somos naturaleza. Barcelona: Plataforma Editorial.-Hueso, K (2019). Jugar al aire libre. Barcelona: Plataforma Editorial.-Hueso, K. (2021). Educar en la naturaleza. Barcelona: Plataforma Editorial.-Huizinga, J. (1972). Homo ludens. Madrid: Alianza editorial.-López de Soaga, A. (2004). El juego: análisis y revisión bibliográfica. Bilbao: Universidad del País Vasco.-Lleixa, T. (1995). Juegos sensoriales y de conocimiento corporal. Barcelona: Paidotribo.-Louv, R. (2018). Los últimos niños en el bosque. Madrid: Capitán Swing.-Martínez, G. (1998). El juego y el desarrollo infantil. Barcelona: Octaedro.-Mazón, V; Uriel, J. R; Campo, J. J; González, M. M; Real, A; Sarabia, D. et al. (2010). Juegos al aire libre. Barcelona: Inde.-Mendez, A. (2003). Nuevas propuestas lúdicas para el desarrollo curricular en Educación Física. Barcelona: Paidotribo.-Moreno, J. A. (2002). Aprendizaje a través del juego. Málaga: Aljibe.-Navarro, V. (2002). El afán de jugar. Barcelona: Inde.-Navarro, V., y Trigueros, C. (2009). Investigación y juego motor en España. Lleida: Edicions de la Universitat de Lleida.-Navas Torres, M. (2010). Juegos con balón. Barcelona: Inde.-Omeñaca, R. y Ruiz, J.(1999). Juegos cooperativos y E.F. Barcelona: Paidotribo.-Omeñaca, R., Puyuelo, E. y Ruiz, J. (2001). Explorar, jugar y cooperar. Barcelona: Paidotribo. -Orlick, J. (1990). Libres para cooperar, libres para crear. Barcelona: Paidotribo.-Palacios, J. (1998). Jugar es un derecho. Xaniño: A Coruña.-Palacios, J; Fragueta, R. y Varela, L. (1996). Xogos competitivos: educar na competición no ámbito da educación física. Santiago:Lea.-Palacios, J; Fragueta, R y Varela, L. (1996). Xogos cooperativos e actividades infantís. Educar na cooperación no ámbito escolar. Lea: Santiago.-Paredes, J. (2003): Juego, luego soy. Wanceulen: Sevilla.-Pérez y Verdes, R. y Taberner Balsa, X. A. (1997). Xogos Populares en Galicia. Santiago de Compostela: Lea.-Ruiz Pérez, LM; Gutiérrez Sanmartín, M; Graupera, J.L.; Linaza, J.L. y Navarro, F. (2001). Desarrollo, comportamiento motor y aprendizaje. Madrid: Síntesis.-Ruiz Juan, F. (2001). Educación motriz a través del juego Infantil: materiales no convencionales. Madrid: Gymnos.-Sher, B. (1996). Juegos estupendos con juguetes improvisados. Barcelona: Martínez Roca.-Sheridan, M.D. (2011). Play in early childhood. New York:Routledge. -Stern, A. (2013). Yo nunca fui a la escuela. Albuixech: Litera.-Stern, A. (2017). Jugar. Albuixech: Litera.-Stern, A. (2021). Entusiasmo. Albuixech: Litera.-Suari, C. (2005). Juegos tradicionales: del currículum a la clase. Sevilla: Wanceulen.-Tonucci, F. (2014). A cidade dos nenos: un xeito novo de pensar en cidade. Pontevedra: Kalandraka.-Trigo, E. (1995). Juegos motores y creatividad. Barcelona: Paidotribo.-V.V.A.A. (2008). El juego como estrategia didáctica. Barcelona: Graó.-V.V.A.A. (2010). 101 juegos de imagen y percepción corporal (3-6años). Sevilla: Wanceulen.-Velázquez, C. C. (2010). Aprendizaje cooperativo en Educación Física. Barcelona: INDE.-Vizuet, M. (2006). Juegos populares Rayanos. Badajoz: Diputación provincial de Badajoz.NOTA: Esta bibliografía é orientativa e poderá ser ampliada polo profesorado durante o desenvolvemento da



materia.



Complementary

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Curriculum Design and Development in Physical Education/652G02014

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Physical Expression and Curriculum Adaptations/652G02026

Subjects that continue the syllabus

Foundations of Physical Education in Today's Society/652G02031

Introduction to Sports/652G02036

Physical Education and Leisure /652G02035

Other comments

NOTA: As metodoloxías de ?actividade física?, ?actividades iniciais? e ?simulación? están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes, aínda que non se aplique o plan de continxencia, se as condicións non cumpren a seguridade adecuada, estas metodoloxías poden ser substituídas por clases ou incluso sesións virtuais (o desenvolvemento de habilidades relacionadas con estas metodoloxías incorporaráse ás metodoloxías "Aprendizaxe colaborativa", "Sesión maxistral", "Exposición oral", "Traballo supervisado" e " Probas de resposta curta ").

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.